

## MEMORIA DA ALCALDÍA

**ORZAMENTO 2024**

Expte.: 2023/T004/000001

Julián Bustelo Abuín, na miña calidade de alcalde do Concello de Rianxo emito a memoria do Orzamento do exercicio 2024, de acordo co disposto nos artigos 168.1.a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo e o 18.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril

**Estado de gastos:** 9.279.353,04 €**Estado de ingresos:** 9.279.353,04 €**1. CONTEXTO ECONÓMICO E CARACTERÍSTICAS XERAIS DO ORZAMENTO 2024**

O Orzamento de 2024 que se presenta a aprobación é o primeiro desde o ano 2021, xa que durante os exercicios 2022, 2023 e no 2024 ata o momento, o Concello de Rianxo estivo en situación de prórroga orzamentaria.

O ano 2021 caracterizouse por ser o segundo ano de convivencia coa situación da pandemia provocada pola COVID, polo que determinados programas de gasto atopábanse mermados con respecto dun contexto de total normalidade. Durante o período 2020-24 as regras fiscais de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de endebedamento estiveron suspendidas, sendo o 2024 o primeiro exercicio post-pandemia no que están vixentes. Non é difícil concluír que o orzamento prorrogado non estaba axustado ás necesidades dos anos nos que estivo vixente.

Durante o período de prórroga orzamentaria aconteceron eventos de gran importancia, varios deles con gran impacto no estado de gastos:

- Os procesos de estabilización do persoal temporal, derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade do emprego público. Iniciouse en 2022 e, actualmente, están en marcha os distintos procesos selectivos. Está pendente de modificar o cadro de persoal e actualizalo de acordo coa oferta de emprego público extraordinaria para a dita estabilización.
- Os incrementos retributivos no emprego público: un total dun 3,5 por cento no 2022; un 3 por cento aprobado durante o exercicio 2023, cun 0,5 por cento adicional que debe abonarse en 2024 e unha previsión dun 2,5 por cento para 2024. Actualmente, ante a falta dos orzamentos xerais do Estado, non hai un incremento aprobado para o exercicio corrente, pero debe estar previsto no estado de gastos para atender as obrigas co persoal, de ser o caso. O anexo de persoal de 2024 non presenta un incremento substancial con respecto de 2023 e do orzamento prorrogado vixente: contéplanse unicamente as prazas que se pretenden cubrir de forma efectiva e os seguros sociais

calcúlense de forma máis axustada tendo en conta as porcentaxes de cotización para os diferentes postos de traballo en lugar de prevelas cunha porcentaxe xenérica para todo o persoal. Así mesmo, dadas as limitacións previstas para a contratación temporal reduciuse o crédito previsto para outras contratacións.

- Cambios de trascendencia na xestión de diversos servizos públicos de carácter obrigatorio:
  - Alumeado público: unha vez finalizada a actuación de cambio de luminarias subvencionada polo IDAE, non se observou un aforro significativo no gasto de enerxía eléctrica. Actualmente, neste exercicio, estase tramitando a incorporación ao acordo marco da FEMP na contratación desta subministración, da que se estima unha redución considerable do gasto.
  - Saneamento: a recepción polo concello da EDAR de Rianxo e a non asunción da súa xestión pola concesionaria do servizo supuxo que se tivese que contratar con outra empresa, elevando o gasto orzamentario, tanto polos gastos da xestión, como pola subministración de enerxía eléctrica. A concesionaria reclama unha compensación das perdas dun contrato que leva anos extinguido. A dita situación está sin resolver, de modo que, mentres tanto, tampouco o concello asumirá as compensacións pola non aplicación do IPC ás tarifas dos usuarios. Actualmente, estase traballando na elaboración dunhas prescricións técnicas para unha futura licitación do servizo.
  - Recollida do lixo: o cese da actividade da empresa que tiña contratado este servizo obrigou a un cambio de contratista cuns custos superiores. Actualmente, estanse elaborando os pregos de prescricións técnicas para unha nova licitación. Por outra parte, está proxectado o inicio da recollida dos residuos da 5ª fracción, que suporá máis custos do servizo sen que, ata o momento, se incrementase o importe da taxa.
  - Piscina: o contrato venceu en febreiro do exercicio corrente e contratouse un estudo para a elaboración dos pregos da nova contratación. A finais de 2023, o Pleno municipal acordou compensar o incremento de custos da concesionaria mediante unha revisión das tarifas e unha compensación por aboado/a por parte do concello, o que tamén supón un incremento de gasto orzamentario.
- Obra de rehabilitación do Pazo de Martelo: trátase da actuación de maior custo que está en execución. En 2023 licitouse e financiouse cunha operación de endebedamento a longo prazo con carencia.
- Incremento dos custos do Servizo de Axuda no Fogar, tanto polo incremento de horas prestadas como pola subida das tarifas da empresa contratista, que aplica os incrementos retributivos pactados no convenio do sector, tras unha situación de déficit que puña en risco a continuidade da prestación.
- Finalmente, como elemento a ter en conta na comparación dos datos entre orzamentos, indícase que, por indicacións da Intervención Municipal, non se consignaron os ingresos e gastos correlativos aos padróns de auga e saneamento, tras a doutrina da xurisprudencia

e da Dirección Xeral de Tributos no tocante ás prestacións públicas non tributarias. Este cambio de criterio supón unha redución de 526.001,12 €, tanto en ingresos como en gastos, con datos do orzamento prorrogado.

Expostos os fitos máis relevantes e tidos en conta nas previsións de gasto, elaborouse un orzamento que se incrementa nun 22,36 por cento con respecto das previsións iniciais do orzamento prorrogado que se vía insuficiente para asumir os gastos dos servizos públicos.

POLÍTICA DE GASTO	DESCRICIÓN	CI 2023	CI 2024	VARIACIÓN	VARIACIÓN %
01	DÉBEDA PÚBLICA	170,943.04	280,583.40	109,640.36	64.14 %
13	SEGURIDADE E MOBILIDADE CIDADÁ	698,574.85	744,218.86	45,644.01	6.53 %
15	VIVENDA E URBANISMO	199,767.91	453,712.49	253,944.58	127.12 %
16	BENESTAR COMUNITARIO	1,545,618.93	1,649,771.41	104,152.48	6.74 %
17	MEDIO AMBIENTE	226,886.70	286,719.69	59,832.99	26.37 %
22	OUTRAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS A FAVOR DO PERSOAL	6,000.00	10,000.00	4,000.00	66.67 %
23	SERVIZOS SOCIAIS E PROMOCIÓN SOCIAL	936,051.24	1,526,712.48	590,661.24	63.10 %
24	FOMENTO DO EMPREGO	151,675.92	148,529.63	-3,146.29	-2.07 %
31	SANIDADE	153,097.55	104,253.40	-48,844.15	-31.90 %
32	EDUCACIÓN	391,469.11	368,916.20	-22,552.91	-5.76 %
33	CULTURA	630,960.38	818,894.45	187,934.07	29.79 %
34	DEPORTE	491,841.35	608,768.67	116,927.32	23.77 %
41	AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA (DESENVOLVEMENTO RURAL)	3,200.00	5,620.00	2,420.00	75.63 %
42	INDUSTRIA E ENERXÍA	4,500.00	0.00	-4,500.00	-100.00 %
43	COMERCIO, TURISMO E PEMS	135,670.24	247,797.85	112,127.61	82.65 %
44	TRANSPORTE PÚBLICO	0.00	21,600.00	21,600.00	0.00 %
45	INFRAESTRUTURAS	95,348.27	201,818.88	106,470.61	111.66 %
49	OUTRAS ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO	4,748.22	22,104.00	17,355.78	365.52 %
91	ÓRGANOS DE GOBERNO	242,087.70	187,402.00	-54,685.70	-22.59 %
92	SERVIZOS DE CARÁCTER XERAL	1,047,765.20	1,193,790.23	146,025.03	13.94 %
93	ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA E TRIBUTARIA	430,173.28	392,139.40	-38,033.88	-8.84 %
94	TRANSFERENCIAS A OUTRAS AA.PP.	11,000.00	6,000.00	-5,000.00	-45.45 %
	<b>TOTAL</b>	<b>7,577,379.89</b>	<b>9,279,353.04</b>	<b>1,701,973.15</b>	<b>22.46 %</b>

A meirande parte das políticas de gasto experimentaron incrementos con respecto das contas prorrogadas. Só reflicten reducións as seguintes:

- Política 24 *Fomento do emprego*: a redución de 3.146,29 € rexístrase por unha redución de gastos técnicos vinculados á xestión dos obradoiros de emprego.
- Política 31 *Sanidade*: prevese unha redución nos gastos de xestión dos animais abandonados e nos gastos vinculados á pandemia da COVID.
- Política 32 *Educación*: se ben rexístrase unha pequena redución no gasto corrente (2.301 €), o motivo principal da minoración dos créditos en 22.552,91 €, é a redución das esixencias de persoal de limpeza nos centros educativos con respecto do período da pandemia.
- Política 42 *Industria e enerxía*: no ano 2021 dotáronse 4.500 € para o soterrado dunhas instalacións nas vivendas dos mestres, que xa non se inclúen no orzamento do exercicio.
- Política 91 *Órganos de goberno*: redúcese a súa dotación en 54.685,70 €.
- Política 93 *Administración financeira e tributaria*: a redución débese, principalmente, á redución de gastos de persoal mediante o axuste dos créditos dedicados aos seguros sociais.
- Política 94 *Transferencias a outras AA.PP.*: a redución de 5.000 € débese a que, nos últimos anos, constatouse que a dotación orzamentaria era excesiva.

Este incremento de gastos aténdese neste exercicio con ingresos ordinarios, pero tamén cuns ingresos correntes extraordinarios que ascenden a 273.571,87 € e que se explicarán no informe económico-financieiro. Os máis importantes economicamente son:

- Concepto 11300 Ibi urbana: 100.000,00 €
- Concepto 13000 IAE: 26.791,87 €
- Concepto 29000 ICIO: 45.000,00 €
- Concepto 33200 Taxa 1,5%: 16.600,00 €
- Taxa OVP venda ambulante: 19.433,00 €
- Concepto 36000 Vendas: 30.842,00 €

## 2. ESTADO DE GASTOS

O resumo por capítulos do estado de gastos e a súa comparativa cos relativo

### 2.1 CAPÍTULO 1, GASTOS DE PERSOAL: 3.174.923,35 €

O detalle destes gastos refíctese no Anexo de persoal. As súas principais características son:

- Non figura ningunha praza de laboral temporal. No anexo diferéncianse os seguintes supostos:
  - Persoal funcionario.
  - Persoal laboral fixo, que inclúe tanto o persoal fixo pre-existente, coma o incluído na oferta pública extraordinaria de estabilización. Asemade, detectadas unhas prazas de carácter estrutural e que non están incluídas neste proceso, prevense tamén como persoal laboral fixo-descontinuo:
    - Peóns de limpeza de praias (7). Os seus custos fináncianse coa subvención que convoca anualmente a Deputación Provincial, polo que non se poderán contratar ata que a concesión sexa definitiva. Os custos son estimados e tomáronse das previsións incluídas na solicitude de subvención. O período da contratación tamén é unha previsión, xa que definírase unha vez coñecido o financiamento dispoñible.
    - Auxiliares de policía local (4). Tras a recepción de dúas sentenzas xudiciais que recoñecen estas prazas como indefinidas, as catro prazas solicitadas inclúense como persoal fixo-descontinuo. Non obstante, o persoal que as ocupa ten o carácter de indefinido-descontinuo, de modo que deberán cubrirse mediante o proceso selectivo correspondente. Inclúense outras 2 prazas de fixo-descontinuo para incluír no proceso extraordinario de estabilización, xa que, son prazas de necesidade estrutural que cumpren cos requisitos da Lei 20/2021.
    - Persoal técnico de museos (2). Tras unha reflexión sobre a organización do persoal que atenda aos museos municipais, considerouse que a solución óptima é a de manter as contratacións de persoal técnico que se foron sucedendo desde a convocatoria de subvencións por parte da Deputación. Debido a que nos informes de fiscalización víñase establecendo que tiñan carácter fixo-descontinuo, prevense no cadro e no anexo de persoal. O período da contratación tamén é unha previsión, xa que definírase unha vez coñecido o financiamento dispoñible.
    - Conserxe. Desde fai anos e coa contratación externa do servizo de limpeza viaria, o funcionario varredor viña desempeñando funcións de conserxe no pavillón deportivo de Rianxo. Tras o seu pasamento, a súa praza amortizouse e creouse unha praza de persoal laboral temporal que se estaba cubrindo con contratos desta natureza. O artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro autorizou *unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, cadros de persoal ou outra forma de organización de recursos humanos que estean contempladas nas distintas Administracións Públicas e estando dotadas orzamentariamente, foran ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente alomenos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020*. A pesar de non figurar de modo expreso no cadro de persoal, a praza de conserxe existía de facto e segue na actualidade. Polo tanto, ao cumprir cos requisitos para a súa estabilización, incluírase, resolvendo así un problema importante na dotación de persoal na área

de Deportes.

- Outro persoal laboral declarado indefinido, que non cumpre os requisitos da estabilización extraordinaria: orientador laboral. Está declarado indefinido por sentenza xudicial. A cobertura destas prazas debe realizarse por un procedemento selectivo, previa inclusión na oferta de emprego público. Tanto a Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2023 como as precedentes prevén que non coputan na taxa de reposición *as prazas correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial*. Polo tanto, unha vez que existen unha senteza firme, é posible incluír a praza na oferta de emprego público e convocar o proceso selectivo para a súa cobertura definitiva.
- Elimináronse do anexo e cadro de persoal as prazas vacantes que non se van ofertar neste exercicio nin están cubertas de forma interina, e as que non se incluíron no proceso de estabilización. Isto supuxo a eliminación dos créditos de gasto correspondentes. As ditas prazas son:
  - Conductor/a de ambulancia, no grupo de programa 312.
  - Normalizador/a lingüístico/a, no grupo de programa 334.
- O persoal con xornada a tempo parcial pasa a persoal a xornada completa, salvo a bedel da biblioteca. Esta modificación permitirá prestar de modo máis eficaz os servizos correspondentes, así como reducir horas extraordinarias que, ademais están prohibidas no persoal a tempo parcial. Esta decisión acadouse tras unha negociación cos representantes dos empregados municipais, que saúdan a medida.
- Prazas de nova creación a cubrir mediante a taxa de reposición. No informe de Emprego do 09/03/2024, consta que as baixas permanentes do persoal funcionario son 2. Unha delas correspóndese cunha incapacidade permanente revisable antes de dous anos, pero que non dá dereito a reserva da praza, polo que computa como cese na taxa de reposición. As prazas vacantes que se prevén incluír na oferta de emprego de 2024 son:
  - Arquitecto/ técnico/a, A2, no grupo de programa 151 *Urbanismo*.
  - Técnico/a de Tesourería, A1, no grupo de programa 934 *Tesourería*. Esta praza é de nova creación e conta coas mesmas retribucións complementarias que a praza de técnico/a de Administración Xeral.
- Finalmente, ponse de manifesto a modificación na imputación por programas de 3 prazas:
  - Persoal funcionario: pasa do grupo de programa 934 *Xestión da débeda e tesourería* a 932 *Xestión do sistema tributario*.
  - Persoal laboral: da comprobación das prazas que se incluíron na estabilización resultou que 2 prazas de operario/a de xardíns correspondíanse con albanel oficial 2ª e peón albanel. Isto supón que no anexo de persoal pasen de imputarse ao grupo de programa 171 *Parques e Xardíns* ao programa 9203 relativo a gastos xerais *Brigada de mantemento*.

- Co fin de non sobrevalorar os créditos de persoal axustáronse as estimacións dos seguros sociais (concepto 16000) ás porcentaxes de cotización en función do tipo de prazas ocupadas. Isto supuxo que, a pesar dos incrementos retributivos, o aumento deste concepto de gasto ascenda a 1.300,69 € con respecto das previsións do orzamento prorrogado no exercicio. A redución percíbese especialmente nos grupos de programa con maior presenza de persoa funcionario, cuxos tipos de cotización son máis reducidos que no caso do persoal laboral: 931 *Política económica e fiscal*, 934 *Xestión da débeda e da tª* e 9201 *Servizos Xerais*.

## **2.2 CAPÍTULO 2, GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS: 4.690.610,73 €**

Os gastos deste capítulo cuantificáronse a partir da información que enviaron os departamentos, en relación aos servizos que xestionan. Posteriormente, tras unha revisión obrigada para equilibrar gastos e ingresos axustáronse. Destaca a redución dos créditos destinados á enerxía eléctrica ante a previsión dunha gran redución de custos.

Unha das cuestións máis relevantes deste exercicio consiste en aprobar as facturas que quedaron sen dotación orzamentaria a 31/12/2023. A súa cobertura nos créditos iniciais do orzamento é inviable, dado o seu importe, polo que atenderanse co remanente de tesourería para gastos xerais, que estará dispoñible tras a aprobación da liquidación do Orzamento de 2023.

## **2.3 CAPÍTULO 3, GASTOS FINANCEIROS: 75.135,00 €**

O volume de gastos financeiros incrementouse debido ao contexto de subida de tipos de xuros. Neste exercicio prevense os gastos do préstamo formalizado en 2023 para a rehabilitación do Pazo de Martelo. O detalle está previsto no Anexo da débeda.

## **2.4 CAPÍTULO 4, TRANSFERENCIAS E SUBVENCÍONS CORRENTES: 297.218,01 €**

As principais diferenzas do capítulo 4 con respecto do orzamento prorrogado son as seguintes:

- Recuperación da dotación orzamentaria para os reforzos da policía nas Festas da Guadalupe, tras a volta a normalidade desde o 2021.
- Eliminación da compensación a Viaqua pola non subida das tarifas dos usuarios co IPC interanual. Dada a situación de contrato vencido, da reclamación da compensación pola ruptura do equilibrio económico e a non asunción da xestión da EDAR de Rianxo, o máis axeitado é non asumir os ditos custos mentres non se soluciona a situación de forma global.
- Novas cotas pola adhesión á Axencia da Protección da Legalidade Urbanística (APLU) e á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).
- Incremento das transferencias e subvencións da área de Servizos Sociais, entre as que

destacan:

- Incremento do gasto de Xantar na Casa, polo incremento de prazas asumidas. O dito incremento está financiado co POS Social 2024, actualmente en tramitación.
- Incremento da dotación prevista para emerxencia social en 5.000 €, financiado co POS Social 2024.
- Incremento da subvención nominativa a favor da asociación Solidaridade Galega co Pobo Saharai, por 2.000 €.
- Incremento da subvención a favor do Colexio Rural Agrupado, CRA, en 2.000 €.
- Recuperación da subvención nominativa a favor da Asociación A Moreniña, para as festas da Guadalupe.
- Co fin de traballar de cara a convocatoria de subvencións para entidades deportivas en réxime de concorrencia competitiva, dótase un incremento da dotación en 5.150 €.
- Prevese o crédito para unhas cotas pendentes a favor da asociación DELOA por actividades desenvolvidas en anos precedentes.
- Previsión de dúas subvencións nominativas novas para as dúas asociacións de empresarios que conviven en Rianxo. A finalidade destas subvención é tratar de xeito equitativo ás dúas entidades que representan os intereses dos negocios do municipio outorgándolle dúas subvencións do mesmo importe máximo.

PROGRAMA DE GASTO	CONCEPTO	OBXECTO	NOME DO/A BENEFICIARIO/A	NIF DO/A BENEFICIARIO/A	TIPO	IMPORTE DEFINITIVO
130	46201	Convenio para reforzo da policía local nas festas da Guadalupe	Indeterminado		Convenio	4,000.00
	<b>46201 Resultado</b>					<b>4,000.00</b>
<b>130 Resultado</b>						<b>4,000.00</b>
135	48990	Seguro do persoal voluntario de Protección Civil	Asociación Nacional da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil	G49147291	Subvención nominativa	1,500.00
	<b>48990 Resultado</b>					<b>1,500.00</b>
<b>135 Resultado</b>						<b>1,500.00</b>
151	45390	Cota de membro	APLU	Q1500331B	Cota	3,525.00
	<b>45390 Resultado</b>					<b>3,525.00</b>
<b>151 Resultado</b>						<b>3,525.00</b>
231	45390	Participación nos custos de	Consortio Galego de Servizos de	S1500072B	Transferencia entre AA.PP.	16,060.00



PROGRAMA DE GASTO	CONCEPTO	OBXECTO	NOME DO/A BENEFICIARIO/A	NIF DO/A BENEFICIARIO/A	TIPO	IMPORTE DEFINITIVO
		funcionamento de Xantar na Casa	Igualdade e Benestar			
<b>45390</b>						<b>16,060.00</b>
<b>Resultado</b>						
231	48000	Axudas de emerxencia social	Indeterminado		Axudas sociais	15,000.00
<b>48000</b>						<b>15,000.00</b>
<b>Resultado</b>						
231	48002	Cota de socio	Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade	G15629629	Cota	1,050.00
<b>48002</b>						<b>1,050.00</b>
<b>Resultado</b>						
231	48003	Axudas sociais á escolarización	Indeterminado		Concurrencia competitiva	10,000.00
<b>48003</b>						<b>10,000.00</b>
<b>Resultado</b>						
231	48990	Andaina PRO SAÚDE MENTAL			Nominativa	2,000.00
231	48990	Programa de atención a persoas con patoloxía de saúde mental. Segundo as persoas atendidas de Rianxo	A CREBA	G15476310	Subvención nominativa	2,000.00
231	48990	Vacacións en Paz	SOGAPS	G15924558	Subvención nominativa	4,000.00
<b>48990</b>						<b>8,000.00</b>
<b>Resultado</b>						
	78000	Resultado				0.00
<b>231</b>	<b>Resultado</b>					<b>0.00</b>
241	46200	Convenio con Boiro e Pobra para o Obradoiro de Emprego Xuventude I	Concello de Boiro	P1501100J	Convenio	1,500.00
<b>46200</b>						<b>1,500.00</b>
<b>Resultado</b>						
<b>241</b>	<b>Resultado</b>					<b>1,500.00</b>
323	45390	Gastos de funcionamento da escola infantil de Rianxo	Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	S1500072B	Transferencia entre AA.PP.	90,000.00
<b>45390</b>						<b>90,000.00</b>
<b>Resultado</b>						
323	48990	Actividades co alumnado	Colexio Rural Asociado de Rianxo	Q1500341A	Subvención nominativa	4,000.00

PROGRAMA DE GASTO	CONCEPTO	OBXECTO	NOME DO/A BENEFICIARIO/A	NIF DO/A BENEFICIARIO/A	TIPO	IMPORTE DEFINITIVO
			(CRA)			
<b>48990</b>						<b>4,000.00</b>
<b>Resultado</b>						
<b>323 Resultado</b>						<b>94,000.00</b>
334	48002	Cota 2023	Asociación de EE.LL. Pola Lingua Galega	G70583596	Cota	2,500.00
<b>48002</b>						<b>2,500.00</b>
<b>Resultado</b>						
334	48990	Traballos de recuperación e divulgación o coñecemento sobre o golpe de Estado do 1936 e represión franquista na comarca do Barbanza	Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza	G70348529	Subvención nominativa	2,000.00
334	48990	Actividade xeral	Fundación Rosalía de Castro	G15040850	Subvención nominativa	1,000.00
<b>48990</b>						<b>3,000.00</b>
<b>Resultado</b>						
<b>334 Resultado</b>						<b>5,500.00</b>
338	48990	Festas da Guadalupe	Asociación Sociocultural A Moreniña	G15814361	Subvención nominativa	3,000.00
<b>48990</b>						<b>3,000.00</b>
<b>Resultado</b>						
<b>338 Resultado</b>						<b>3,000.00</b>
341	48100	Premios da Carreira Popular	Indeterminado	Indeterminado	Premios	600.00
<b>48100</b>						<b>600.00</b>
<b>Resultado</b>						
341	48900	Actividade xeral	Incremento para convocatoria en concorrencia competitiva		Concorrencia competitiva	5,150.00
<b>48900</b>						<b>5,150.00</b>
<b>Resultado</b>						
341	48990	Actividade xeral	Club Deportivo Unión	G15391865	Subvención nominativa	7,100.00
341	48990	Actividade xeral	Club de Remo Rianxo	G15087208	Subvención nominativa	6,600.00
341	48990	Actividade xeral	Club Piragüismo Rianxo	G15692270	Subvención nominativa	4,750.00
341	48990	Actividade xeral	CCD Taragoña	G15458417	Subvención nominativa	2,500.00
341	48990	Actividade xeral	Club Voleibol Rianxo	G15891682	Subvención	2,250.00

PROGRAMA DE GASTO	CONCEPTO	OBXECTO	NOME DO/A BENEFICIARIO/A	NIF DO/A BENEFICIARIO/A	TIPO	IMPORTE DEFINITIVO
					nominativa	
341	48990	Actividade xeral	C. Xadrez Rianxo	G70141536	Subvención nominativa	1,500.00
341	48990	Actividade xeral	Sociedade Deportiva Araño	G15260425	Subvención nominativa	1,500.00
341	48990	Actividade xeral	Club Baloncesto Rianxo	G70472527	Subvención nominativa	1,250.00
341	48990	Actividade xeral	Escudería Rallyactividad C.	G15978273	Subvención nominativa	1,000.00
341	48990	Actividade xeral	Barbanza Rugby Club	G15723521	Subvención nominativa	600.00
341	48990	Actividade xeral	P.C. Castro Barbudo	G15826027	Subvención nominativa	600.00
341	48990	Actividade xeral	C. Náutico de Rianxo	G15289499	Subvención nominativa	600.00
341	48990	Actividade xeral	Artes Marciais Mixtas MMA	G70514922	Subvención nominativa	600.00
341	48990	Actividade xeral	International Itrekkers Barbanza Sar	G70389838	Subvención nominativa	4,000.00
<b>48990</b>	<b>Resultado</b>					<b>34,850.00</b>
<b>341</b>	<b>Resultado</b>					<b>40,600.00</b>
414	48002	Cota 2024	Grupo de Acción Costeira-Ría de Arousa Zona 5	G70196597	Cota	1,000.00
414	48002	Cota 2024	Asociación para el Desarrollo Local (DELOA)	G15817935	Cota	1,200.00
414	48002	Cofinanciamento do proxecto para mellorar o emprendemento da mocidade no eido do marketing dixital 2020-21	Asociación para el Desarrollo Local (DELOA)	G15817935	Cota	1,670.00
414	48002	Cofinanciamento do proxecto para mellorar o emprendemento da mocidade no eido do marketing dixital 2022-23	Asociación para el Desarrollo Local (DELOA)	G15817935	Cota	1,750.00
<b>48002</b>	<b>Resultado</b>					<b>5,620.00</b>
<b>414</b>	<b>Resultado</b>					<b>5,620.00</b>
432	46300	Cota de socio	Mancomunidade de Concellos Arousa-Norte	P65072011	Cota	55,000.00

PROGRAMA DE GASTO	CONCEPTO	OBXECTO	NOME DO/A BENEFICIARIO/A	NIF DO/A BENEFICIARIO/A	TIPO	IMPORTE DEFINITIVO
<b>46300 Resultado</b>						<b>55,000.00</b>
432	48002	Cota de socio	Fundación Ruta Xacobeia do Mar de Arousa e Ulla	G15687932	Cota	601.01
<b>48002 Resultado</b>						<b>601.01</b>
<b>432 Resultado</b>						<b>55,601.01</b>
433	48990	Subvención nominativa para actuacións de dinamización económica	Asociación de Comerciantes, Servizos e Hostalaría Somos Rianxo	G16748634	Subvención nominativa	5,000.00
433	48990	Subvención nominativa para actuacións de dinamización económica	Asociación Rianxeira de Empresarios (ARE)	G15260979	Subvención nominativa	5,000.00
<b>48990 Resultado</b>						<b>10,000.00</b>
<b>433 Resultado</b>						<b>10,000.00</b>
912	48900	Asignacións a grupos políticos	Varios		Transferencia	15,000.00
<b>48900 Resultado</b>						<b>15,000.00</b>
<b>912 Resultado</b>						<b>15,000.00</b>
944	43000	Gastos compartidos pola parte cedida da Casa do Mar pola TXSS	Ministerio de Emprego e Seguridade Social	Q3619001E	Transferencia	6,000.00
<b>43000 Resultado</b>						<b>6,000.00</b>
<b>944 Resultado</b>						<b>6,000.00</b>
9201	46600	Cota de socio	FEGAMP	V15160963	Cota	500.00
9201	46600	Cota de socio	FEMP	G28783991	Cota	612.00
<b>46600 Resultado</b>						<b>1,112.00</b>
9201	48002	Cota de socio	Museo do Pobo Galego	G15037195	Cota	150.00
<b>48002 Resultado</b>						<b>150.00</b>
<b>9201 Resultado</b>						<b>1,262.00</b>
<b>General Suma</b>						<b>297,218.01</b>

## 2.5 CAPÍTULO 6, INCREMENTOS REAIS: 804.017,55 €

O detalle atópase no Anexo de Incrementos. Indícase que os incrementos que tiveron o seu reflexo orzamentario en exercicios anteriores e que dispoñen de financiamento afectado (subvención ou préstamo) só figuran neste anexo pola parte de achega municipal que teñan, de ser o caso. O motivo é que se traspasan ao orzamento mediante unha modificación orzamentaria (incorporación de remanentes de crédito) e non poden preverse nos créditos iniciais.

## 2.6 CAPÍTULO 8, ACTIVOS FINANCIEROS: 20.000 €

A dotación deste capítulo incrementábase de 10.000 € a 20.000 €

## 2.7 CAPÍTULO 9. PASIVOS FINANCIEROS: 217.448,40 €

O detalle figura no Anexo da débeda. Correspóndese tanto coas amortizacións ordinarias previstas nos cadros de amortización dos préstamos co Banco de Sabadell e Abanca. Así mesmo, inclúense outros gastos financeiros como xuros de demora e comisións bancarias.

## 3. ESTADO DE INGRESOS

A continuación amósase o resumo por capítulos e as súas comparacións co orzamento 2023 (prorrogado). Hai que ter en conta que, dado que no exercicio anterior estaba vixente a prórroga, as transferencias de capital foron obxecto de axuste á baixa, o que distorsiona a comparativa.

No restante, vese que se mantén unha estrutura de ingresos similar á do orzamento 2023.

CAP	DESCRIPCIÓN	PI 2024	PESO RELATIVO (%)	PI 2023	PESO RELATIVO (%)
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2,927,826.12	31.59%	2,753,872.10	35.55%
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	180,146.51	1.94%	65,804.05	0.85%
3	TAXAS, PREZOS Pº E OUTROS INGRESOS	1,303,812.92	14.07%	1,470,013.51	18.98%
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	4,204,407.24	45.31%	3,447,404.09	44.50%
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	0.00	0.00%	1,000.00	0.01%
<b>TOTAL</b>	<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>8,616,192.79</b>	<b>92.85%</b>	<b>7,737,093.75</b>	<b>99.87%</b>
6	ALLEAMENTO DE INCREMENTOS	0.00	0.00%	0.00	0.00%

CAP	DESCRICIÓN	PI 2024	PESO RELATIVO (%)	PI 2023	PESO RELATIVO (%)
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	643,160.25	6.93%	0.00	0.00%
<b>TOTAL</b>	<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL NON FINANCEIRAS</b>	<b>643,160.25</b>	<b>6.93%</b>	<b>0.00</b>	<b>0.00%</b>
8	ACTIVOS FINANCEIROS	20,000.00	0.22%	10,000.00	0.13%
9	PASIVOS FINANCEIROS	0.00	0.00%	0.00	0.00%
<b>TOTAL</b>	<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>20,000.00</b>	<b>0.22%</b>	<b>10,000.00</b>	<b>0.13%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>INGRESOS</b>	<b>9,279,353.04</b>	<b>100.00%</b>	<b>7,747,093.75</b>	<b>100.00%</b>

A explicación do estado de ingresos realizarase no informe económico-financeiro.

#### 4. Consideracións finais

O proxecto de orzamentos que se presenta garante un compromiso co mantemento das infraestruturas municipais e co desenvolvemento de servizos claves para o Concello de Rianxo, así como co mantemento de outros xa existentes. Supón dar un primeiro paso fundamental na senda do equilibrio orzamentario após dous exercicios sen que se actualizaran as contas municipais e nos que o gasto corrente aumentou notablemente.

O equilibrio e a sustentabilidade das conta acádanse a pesar dun maior esforzo económico no ámbito dos servizos sociais, da promoción económica e da mellora das infraestruturas de titularidade municipal, nomeadamente nos núcleos periféricos do municipio. Ademais, danse pasos importantes para comezar a solventar cuestións demandadas polos traballadoras e polas traballadoras municipais. Ese equilibrio e esa sustentabilidade acádanse tamén con axustes importantes no gasto e con políticas de aforro en aspectos tan gravosos para as contas municipais como é o relativo á enerxía eléctrica. Porén, este recurso ten que reforzarse no futuro inmediato cun incremento dos ingresos ordinarios.

Lograrase así unha solvencia suficiente para darlle resposta no futuro a outras demandas laborais pendentes, así como á regularización da situación contractual dos servizos municipais externalizados, retos fundamentais para esta Alcaldía.

Rianxo, asinado dixitalmente

O alcalde, Julián Bustelo Abuín